

## TRAXECTORIA FORMATIVA, PROFESIONAL E POLÍTICA

### **LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN**

**Presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra (dende xullo de 2015)**

Nace en Sober (Lugo) o 29-11-1962.

Comezou os seus estudos musicais na Escola de música de Sober en 1975, continuándoos no Conservatorio Profesional de Ourense onde obtén o diploma elemental de óboe en 1986 e o TITULO DE PROFESOR DE CLARINETE en 1988. Posúe o primeiro ciclo de Gaita Galega pola Escola de Gaitas da Deputación de Ourense.

Está en posesión do TITULO DE PROFESOR DE E.X.B. (Especialidade de Educación Preescolar) pola Escola de Maxisterio de Ourense.

Foi Profesor de Vento-madeira na Escola de Música da Banda "La Lira" de Ribadavia (curso 1989-90).

Foi Profesor de Clarinete e Secretario do Conservatorio de Música de Ribadavia (Ourense), dende 1990 a 1996.

Forma parte da Banda de Música de Sober dende 1976, foi subdirector e clarinete solista; DIRECTOR dende o ano 1996- 2002.

Clarinetista por oposición da Banda Municipal de Ourense dende 1989.

Correspondente do diario "EL PROGRESO" en Sober dende 1980 e da Axencia de noticias EFE dende 1982.

Fundou e Dirixiu a BANDA XUVENIL do Conservatorio Profesional de Música de Ribadavia (Ourense).

Vicepresidente da Federación Galega de bandas de música populares de Galicia dende 1996 ata 2000.

Foi profesor encargado da biblioteca nos Conservatorios de Pontevedra e Ourense.

Fundador e promotor de actividades culturais destacadas no Concello de Sober (Feira do Viño de Amandi en 1981, Feira da Rosca en 1995, Encontros musicais na Ribeira Sacra en 1999, etc.)

Actualmente é:

**Clarinetista da Banda de Música Municipal de Ourense**

### **EN POLÍTICA:**

Concelleiro de Cultura e Tenente de Alcalde de Sober de 1999-2003; Alcalde de Sober dende 2011.

Actualmente é:

**Alcalde do Concello de Sober**